

PON TEA TRO

OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2024

Declaro o copublicador.com | Ilustración de maeta da peza de Eugenio Barba, "Compartido as noas" (1990)

PON TEA TRO

OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2024



Concello
de Pontevedra



XUNTA
DE GALICIA

PROGRAMA

OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2024

XOV 10 OUT | 21.00 h no **Teatro Principal**
DESEXO (Talía Teatro)

SÁB 2 NOV | 21.00 h no **Pazo da Cultura**
TERCEIRO ACTO (Centro Dramático Galego)

XOV 17 OUT | 21.00 h no **Teatro Principal**
O ÚNICO QUE VERDADEIRAMENTE
QUIXEN TODA A VIDA É SER
DELGADA (ButacaZero)

XOV 7 NOV | 21.00 h no **Teatro Principal**
O DRAGÓN DE OURO (Sarabela Teatro)

XOV 31 OUT | 21.00 h no **Teatro Principal**
NOSO (Os Náufragos)

XOV 21 NOV | 21.00 h no **Teatro Principal**
ENTREGA EN MAN (Contraproducións)

PREZO: 8,00€ (4,00€ reducida) máis gastos
ABONO: 30,00€ máis gastos

Venda anticipada ata esgotar as localidades en:

Ataquilla.com

Venda anticipada en www.ataquilla.com | Prezo por función 8,00 € máis gastos

Estudantes, persoas paradas e xubiladas 4,00 € máis gastos - ABONO: 30,00 € máis gastos.

As entradas de prezo reducido pódense comprar por medios telemáticos, pero só se poden retirar na billeteira acreditando a condición de beneficiario.

En caso de non esgotarse as entradas en venda anticipada, a billeteira (do Teatro Principal ou do Pazo da Cultura, dependendo de onde se leve a cabo a función) abrirase unha hora antes do comezo do espectáculo.

Este programa é meramente informativo e a programación pode sufrir variacións por causas alleas á organización.

Consulta a información actualizada na web: <https://cultura.pontevedra.gal>



XOVES 10 OUT

21.00 h no **Teatro Principal**

DeseXo

Talía Teatro

Como foi a nosa educación sexual? Estamos preparados para ter unha sexualidade sa? Sabemos como afrontar as nosas relacións? Somos capaces de educar as próximas xeracións? Onde aprendemos o que sabemos sobre sexo? Intentemos fixarnos nas publicacións, na música, na publicidade...

Vivimos na sociedade do desexo, a máis sexualizada da historia, pero na que todas estas cuestións seguen a seren tabú. *DeseXo* é un xoguete cómico que aborda todo isto, porque xa vai sendo hora de falar claramente sobre sexo.

Texto orixinal: Diego Rey

Dirección: Diego Rey. **Elenco:** Marta Ríos e Dani Trillo. **Duración:** 65 min



XOVES 17 OUT

21.00 h no **Teatro Principal**

O ÚNICO QUE VERDADEIRAMENTE QUIXEN TODA A VIDA É SER DELGADA

ButacaZero

Cunha sinceridade crúa e o seu clásico humor irónico, Carrodegas aborda neste texto de auto[NO]ficción a relación co seu corpo, marcada pola gordofobia que se respira en calquera recuncho desta apaixonante sociedade da fermosura. Porque por moito que te escondas, a gordofobia sempre está ao teu carón. Sobre todo porque está en ti.

Texto orixinal: Esther F. Carrodegas

Dirección: Xavier Castiñeira

Elenco: Esther F. Carrodegas. **Duración:** 55 min



XOVES 31 OUT

21.00 h no **Teatro Principal**

NOSO

Os Náufragos

Nicolás reúne a súa familia para despedirse do espazo no que creceron xuntos, a casa da infancia cun vello ultramarinos-bar que rexentaban os seus pais e no que agora vive Nicolás con María, a súa parella. A expropiación dese lugar, por causa da construción dun parque eólico, é o motivo desta xuntanza. Olivia acode con Rubén, logo de moitos anos sen contacto familiar. As lembranzas doutros tempos, unha visita non esperada, as relacións entre irmáns, a necesidade de mirar ao futuro e a importancia de dar valor ao noso pasado fan de *NOSO* unha dramedia que visibiliza o conflito xeracional e a sensación de pertenza ao lugar de onde vimos.

Dramaturxia e dirección: Gustavo del Río. **Elenco:** Daniel Otero, María Roja, Rebeca Vecino, Jimmy Núñez e Sete Eiroa. **Duración:** 75 min



SÁBADO 2 NOV

21.00 h no **Auditorio do Pazo da Cultura**

TERCEIRO ACTO

Centro Dramático Galego

Unha troupe de actrices e actores veteranos reúne clandestinamente pola noite para emprenderen a que, quizais, sexa a súa última aventura xuntos. Nesta noite revivirán o que non volverá para entender, para modificar, para se reconciliaren co que xa non está, ao tempo que reflexionan sobre o terceiro acto das súas vidas. Xuntos, analizarán o seu legado e proxectaranse tamén no futuro incerto. Terceiro acto é unha peza á vez cómica, sombría e fermosa. Un poema escénico sobre a memoria e os soños; un exorcismo, unha celebración da vida e do teatro.

Dirección e dramaturxia: Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez, a partir de improvisacións co elenco. **Elenco:** Belén Constenla, Roberto Leal, Fernando Morán, Mabel Rivera e Eduardo R. Cunha "Tatán". **Duración:** 80 min



XOVES 7 NOV

21.00 h no **Teatro Principal**

O DRAGÓN DE OURO

Sarabela Teatro

Unha noite, nun edificio de varios pisos, nalgún lugar de Europa, a un mozo chinés dóelle moito unha moa na cociña do restaurante de comida rápida O Dragón de Ouro. Non ten permiso de residencia, nin cartos e non pode ir ao dentista. Os compañeiros deciden arrincarlla. O mozo tampouco atopa a súa irmá desaparecida.

O mozo chinés morre desagrado na cociña do restaurante. Os seus colegas envólveno nun tapiz e tíranlo ao río, que o leva á súa casa, ata a China, imaxinando o seu derradeiro soño...

Texto orixinal: Roland Schimmelpfennig **Tradución:** Catuxa López Pato

Dirección e dramaturxia: Ánxeles Cuña Bóveda. **Elenco:** Fina Calleja, Fernando Dacosta, Sabela Gago, Fernando González e Fran Lareu. **Duración:** 70 min



XOVES 21 NOV

21.00 h no **Teatro Principal**

ENTREGA EN MAN

Contraproducións

Cuarto ruín dun hotel cutre nunha anónima vila americana.

Carmichael, un supremacista branco estafalario e agresivo, ofrece unha recompensa por recuperar a man que lle cortaron de adolescente nun acto de absurda violencia.

O mozo negro Toby e a súa noiva branca Marilyn pretenden enganar a Carmichael ofrecéndolle unha man roubada nun museo e que, polo escura que é, non parece ser a súa.

Mervyn, o recepcionista do hotel, un tipo estrambótico e algo surrealista, intervéñe en tan insólita transacción.

Texto orixinal: Martin McDonagh. **Versión galega e dirección:** Cándido Pazó. **Elenco:** Evaristo Calvo, María Roja, Santi Romay e Diego Sales. **Duración:** 90 min